

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Elección de xuíz/a de paz substituto/a no Concello de Pontedeume

ANUNCIO

Elección de Xuíz/a de Paz substituto/a no Concello de Pontedeume

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Pontedeume celebrada o 26 de xullo de 2018 adoptouse o acordo relativo á incoación do expediente para a elección de Xuíz/a de Paz substituto/a no Concello de Pontedeume.

De conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, ábrese un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estean interesadas e que reúnan os requisitos legais, presenten as súas candidaturas no Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente.

O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As persoas solicitantes deberán acompañar unha fotocopia autenticada do DNI ou pasaporte, e xustificación documental dos méritos alegados.

O expediente pode ser examinado, e solicitar canta información se precise en na Secretaría Municipal.

No caso de non se presentaren solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do contido do propio acordo.

Documento asinado dixitalmente D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións (Delegación conferida por Decreto n.º 483/2018 do 1 de agosto, en Pontedeume a 10 de agosto de 2018.

2018/6126